Delegación en Vigo
da Federación Galega de Atletismo
Casa do Deporte - oficina 21 — Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17 — 36209 Vigo
986 221 500 · Fax 986 441 216 · secretaria@vigoatletismo.es · vigoatletismo.es

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

# 30ª Carreira Nocturna de San Xoán

## REGULAMENTO

1. A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, có patrocinio do **Concello de Vigo**, organiza a **30ª Carreira Nocturna de San Xoán** a disputar o **23 de xuño** de 2013 en Vigo, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces. Esta carreira está incluída no **Circuíto de Carreiras Populares** do Concello de Vigo.

2. A carreira dispútase nun circuíto urbano de aproximadamente 7,7 km con saída ás **21:15** da Praza do Rei, e co seguinte percorrido: Camelias, Romil, Pi i Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomás A. Alonso, Paulino Freire, Beiramar, finalizando diante do soportais da praza do Berbés.

3. Poderán participar cantas persoas maiores de 14 anos o desexen estean ou non federadas. As inscricións, formalizaranse no sitio web da Federación Galega de Atletismo **atletismogalego.com** ou en persoa en **Deportes Athletics** (Avenida de Balaídos 41) **ata o 21 de xuño**. No caso de inscrición presencial indicando NIF con letra, nome, apelidos, data de nacemento, sexo, localidade, provincia, e club e número de licencia no seu caso. **Non se admitirán inscricións o día da carreira**.

4. A **cota de inscrición** e de **5 €**.

5. Os atletas participarán cos dorsais e transpondedor (chip) que se entregarán o 23 de xuño de 19:00 a 20:15 na Lonxa do Concello de Vigo (Praza do Rei). **Non se entregarán imperdibles, cada participante deberá traer os seus**.

6. Concederanse trofeos os tres primeiros e primeiras clasificadas por cada unha das seguintes categorías: tanto en homes coma mulleres

   A de 14 a 18 anos
   B de 19 a 35 anos
   C de 36 a 45 anos
   D de 46 anos ou mais,

   A organización en colaboración ca Confraría de Pescadores San Francisco de Vigo, obsequiará cunha ración de sardiñas asadas a tódolos participantes.

7. Colaboran neste evento a Confraría de Pescadores San Francisco, Asociación de Veciños Casco Vello, Coca-Cola, Hipermercado Alcampo, Auto-escuelas Faro-Paso-Salaberri-Vigo, Restaurante El Pescador, Policía Local, Protección Civil, Voluntarios del Concello de Vigo, Cruz Vermella, Porto de Vigo, e Frutas Sol.

8. A Organización non se responsabiliza dos danos que poidan sufrir os participantes, agás os posibles dereitos que lle correspondan co seguro deportivo dos seus clubs.

9. Todas as reclamacións deberanse formular de acordo co Manual da IAAF ou RFEA en vigor.

A Delegación en Vigo da FGA